



SECTORES PRODUCTIVOS NA UNIÓN EUROPEA, ESPAÑA E GALICIA



"Visita á planta de enerxía solar fotovoltaica, Picón I, II e III" (Emiliano García-Page Sánchez CCBY-SA 2.0)



ÍNDICE

SECTORES PRODUCTIVOS NA UNIÓN EUROPEA, ESPAÑA E GALICIA

1. SECTORES PRODUCTIVOS NA UNIÓN EUROPEA.....	1
1.1 Sector primario na UE.....	1
1.2 Sector secundario na UE.....	1
1.3 Sector terciario na UE.....	2
<i>Exercicios</i>	3
2. SECTORES PRODUCTIVOS EN ESPAÑA.....	4
2.1 Sector primario en España.....	4
2.1 Sector secundario en España.....	5
2.3 Sector terciario en España.....	6
<i>Exercicios</i>	6
3. SECTORES PRODUCTIVOS EN GALICIA.....	7
3.1 Sector primario en Galicia.....	7
3.2 Sector secundario en Galicia.....	8
3.3 Sector terciario en Galicia.....	8
<i>Exercicios</i>	9
SOLUCIÓN.....	10

1. SECTORES PRODUTIVOS NA UNIÓN EUROPEA

Cada un dos sectores produtivos na Unión Europea, primario, secundario e terciario, exerce un papel fundamental no desenvolvemento económico e social de todos os países membros.

1.1 Sector primario na UE

O sector primario é pouco representativo no conxunto da economía da poboación da UE en comparación con outros sectores, xa que representa preto do 1,5 % do produto interior bruto (PIB) e ocupa arredor do 4 % da súa poboación activa.

A **agricultura** é a actividade máis representativa do sector primario na UE. A política agraria común (PAC), principal instrumento regulador no eido da agricultura na UE, ofrécelles axudas e subvencións aos agricultores que cumpran unha serie de requisitos e amósase esencial para garantir a súa viabilidade económica sen comprometer os recursos a longo prazo.

A Unión Europea é un dos principais produtores mundiais de produtos agrícolas como cereais, e destaca tamén polas froitas e hortalizas.

A **gandaría** ten tamén un peso importante na economía do sector primario. A gandaría porcina é a que produce máis cantidade de carne, aínda que destaca tamén a produción leiteira.

A actividade asociada ao **sector pesqueiro** -que inclúe a pesca extractiva, o marisqueo e a acuicultura, así como a conserva e o conxelado- reduciu capturas e está rexida pola política pesqueira común (PPC), que establece as cotas de pesca e promove prácticas sostibles co ambiente, xa que a sobrepesca e o esgotamento dos caladoiros figuran entre os principais problemas do sector.

Como conclusión, o sector primario, a pesar de ser o que xera menos emprego, considérase esencial tanto para a economía como para o ambiente, aínda que require adaptacións continuas para facer fronte aos desafíos do século XXI, como o **envellecemento da poboación activa do sector**.

1.2 Sector secundario na UE

Respecto do **sector secundario**, a pesar do impulso dos servizos, representa máis do 20 % do produto interior bruto (PIB) da UE e ocupa o 25 % da súa poboación, é un dos piares fundamentais na economía europea, proporcionando emprego e dándolle pulo ao crecemento económico.

As actividades máis destacadas dentro da **industria manufactureira** son a produción de automóbiles, maquinaria, produtos químicos, produtos electrónicos ou téxtiles, entre outros.



EXERCICIOS

Exercicio 1

Que importancia ten a PAC para a agricultura?

Exercicio 2

Que obxectivo se marca a UE para o 2050?

Exercicio 3

Como se facilitou o comercio na UE entre os seus países membros?

2. SECTORES PRODUTIVOS EN ESPAÑA

O panorama económico de España responde a unha **terciarización da economía**, coa diminución dos sectores primario e secundario e o elevado crecemento do sector terciario, **combinando etapas de expansión e crecemento con outras de crise** e contracción, dependendo de circunstancias internas e outras de tipo económico internacional.

2.1 Sector primario en España

As actividades básicas do **sector primario** en España son a agricultura, a gandaría, o aproveitamento do bosque e a pesca.

A **agricultura** española, en termos xerais, presenta hoxe os trazos dunha **agricultura modernizada**, cunha intensificación da produción, con crecente mecanización, emprego de novas técnicas como invernadoiros, mecanización, ampliación de regadíos (achega artificial de auga aos cultivos), especializacións por rexións...

Entre os **principais cultivos** destacan:

- Os cultivos propios de **secaño** (o ser humano non contribúe á irrigación dos campos), centrados na denominada triloxía mediterránea: **cereal, vide e oliveira**, a que atopamos nunha gran parte do interior de España. O noso país é precisamente o primeiro produtor de aceite de oliva a nivel mundial, cultivado sobre todo en Xaén.
- O **arroz**, un cereal cultivado en localizacións como o Bajo Ebro, Valencia, Sevilla ou Badajoz.
- As **froitas e hortalizas**, nos **regadíos mediterráneos**, con especialización rexional en produtos de alta calidade e demanda, como acontece en Valencia cos cítricos, ou en Almería, coñecida como a horta de Europa, coa súa paisaxe agrícola de invernadoiros interminables.



"Invernadoiros abaixo" (Eduardo Milla CCBY-SA 4.0)

A **gandaría** experimentou transformacións que permitiron un incremento dos rendementos. En España temos **gando aviar, porcino, ovino e bovino**, por esta orde segundo o número de cabezas. A tendencia é cara á **gandaría intensiva**, é dicir, a concentrar os animais en granxas cada vez máis grandes e sofisticadas para aumentar a produción.

Na **silvicultura** mantén a súa produción de madeira e, entre as especies máis abundantes, figuran o castiñeiro, o eucalipto, o carballo, a faia ou o piñeiro. Entre as zonas máis boscosas destaca a franxa cantábrica e o noroeste peninsular.

Na **pesca**, España é a **primeira potencia pesqueira da Unión Europea**. A súa costa está dividida por rexións pesqueiras, a noroeste é a de maior importancia. A maioría das capturas son peixes e o destino básico destes é o consumo humano, tanto fresco como sometido á manipulación industrial.



"Cantabria, Santoña, porto pesqueiro" (Nicolás Pérez CCBY-SA 3.0)

Entre as dificultades a que se enfronta a pesca figuran: o esgotamento dos caladoiros, a sobreexplotación, as cotas que impón a UE, a necesidade de renovación e modernización da frota ou a carestía dos combustibles, polo que non é de estrañar que haxa problemas para atopar remuda xeracional.

2.1 Sector secundario en España

A **industria** é un sector que está obrigado a renovarse permanentemente para competir nun mercado internacional.

Os alicerces deste sector son as materias primas e as **fontes de enerxía**, na segunda das cales España se amosa máis **deficitaria**, posto que **consome máis das que produce** e depende do exterior. Por este motivo se están potenciando algunhas fontes de enerxía renovables, como a **solar**, na cal destaca a produción en Canarias, Andalucía e Balears polo número de horas de luz natural, e a **eólica**, cunha produción en aumento sobre todo en Galicia.

Outras características da industria española son:

- A súa dependencia exterior en tecnoloxía.
- O predominio das pemes, pequenas e medianas empresas.
- A relativamente recente privatización de empresas estatais e as subcontratas nos sistemas de produción.
- Unha maior preocupación por cuestións ambientais.



Entre os sectores industriais, en España destacan:

- Os **sectores tradicionais**: siderurxia, industria naval, industria téxtil do coiro e do calzado e a minaría.
- Os **sectores máis dinámicos** (con boas perspectivas de futuro e demanda en aumento): industria automobilística, industrias alimentarias, industria química e farmacéutica, téxtil e confección, edificación e obras públicas.

Por outra banda, **no sector das enerxías renovables**, España figura como unha potencia mundial e continúa a aumentar a súa produción e consumo, destaca a produción de enerxía solar en Canarias, Andalucía e Balears e a produción de enerxía eólica en Galicia, Aragón, Navarra e Canarias.

2.3 Sector terciario en España

O **sector servizos** é o máis importante da economía española e o que xera un maior volume de emprego.

Este sector experimentou un **forte incremento** debido ao aumento da capacidade adquisitiva dos cidadáns e cidadás, á mellora da cualificación profesional dos traballadores e traballadoras ou ao aumento dos servizos públicos como a sanidade ou a educación.

O **comercio** supón a **maior parte do volume de negocio do sector servizos**, aínda que a balanza comercial é deficitaria; isto quere dicir que as importacións son superiores ás exportacións. Precisamente esta circunstancia é compensada en parte polos ingresos por **turismo**, xa que España é un dos primeiros países do mundo en número de turistas.



EXERCICIOS

Exercicio 4

Cita algunhas especies máis abundantes no aproveitamento do bosque en España.

Exercicio 5

Que quere dicir que a balanza comercial é deficitaria e como se compensa en España?

3. SECTORES PRODUTIVOS EN GALICIA

Galicia, como rexión periférica, dende o punto de vista económico, presenta un menor desenvolvemento económico que os espazos centrais.

3.1 Sector primario en Galicia

Na nosa comunidade, as actividades do **sector primario** constitúen un elemento fundamental para o seu desenvolvemento económico.

Na **agricultura**, o panorama tradicional foi o **minifundismo** -pequenas propiedades agrícolas de carácter familiar, pouco rendibles-, o autoconsumo e o policultivo, aínda que nos últimos tempos se observou unha modernización do sector coa presenza de modernas instalacións agrícolas, o desenvolvemento da agricultura ecolóxica e a potenciación de produtos agroalimentarios con indicativo de calidade.

Entre os cultivos máis estendidos figuran:

- Os forraxeiros, base da alimentación do gando.
- A vide.
- A pataca.
- Determinados cultivos hortícolas, como a leituga ou a cebola.

A **gandaría** segue a ser unha actividade económica fundamental e o **gando vacún**, especializado en carne e leite, é o que ten un maior peso, aínda que hai moitas explotacións pequenas e anticuadas.

Con respecto á **silvicultura**, a pesar de que o papel económico do bosque está infrautilizado, abundan especies de crecemento rápido, como eucaliptos e piñeiros para obter madeira, ou ben para a industria do moble ou para obter papel.



"Rapa das Bestas no curro de Sabucedo, A Estrada, Galicia" (Ramón Rodríguez Martínez CCBY 2.0)

Dentro do **sector pesqueiro**, Galicia é a principal rexión pesqueira española e a frota pesqueira galega é a máis importante de todas as rexións europeas, e a maior de España, aínda que a frota que conta cun maior número de embarcacións é a de artes menores ou artesanal. Os principais portos pesqueiros son Vigo e A Coruña. A pesca de altura representa a maior porcentaxe do negocio e o principal destino é o consumo humano.

O marisqueo -captura de moluscos e crustáceos-, desempeñado maioritariamente por mulleres, ganou importancia e pasou de ser unha actividade complementaria a outra independente e profesionalizada.

A **acuicultura** é un sector no cal Galicia é unha das líderes mundiais; de feito, domina o mercado español e é unha das principais subministradoras dos mercados europeos, grazas

á temperatura e riqueza do plancto das súas augas mariñas, onde destacan as **bateas de mexillón**, sobre todo nas Rías Baixas, aínda que tamén inclúe parques de cultivo de ameixas e ostras, granxas mariñas e continentais de especies como a dourada, o rodaballo ou o ollomol; ou a acuicultura de auga doce, onde destaca a troita.

Por outra banda, o sector pesqueiro non está exento de dificultades, e entre elas figuran: a contaminación das augas, o furtivismo, o esgotamento dos caladoiros nacionais, a restrición de acceso aos caladoiros internacionais ou a renovación da súa frota.

3.2 Sector secundario en Galicia

A **industria** vai superando o atraso que a caracterizou, amosa un índice maior de emprego que o sector primario, aparece concentrada na automoción, na alimentación, na metalurxia, no téxtil e na madeira, e presenta os seguintes trazos:

- Predominio das pemes.
- Forte dependencia das multinacionais ou do sector público.
- Desenvolvemento de firmas altamente competitivas relacionadas co sector téxtil e da moda.

O sector enerxético destaca pola produción de enerxía eléctrica, obtida a través de diferentes métodos como as centrais hidroeléctricas ou os parque eólicos, nos cales Galicia, en concreto, as provincias da Coruña e Lugo, é líder en España.

Respecto dos sectores industriais, os máis relevantes son:

- Alimentario.
- Téxtil e confección.
- Construción naval.
- Madeireiras.
- Automobilístico.
- Construción.
- Siderurxia.

3.3 Sector terciario en Galicia

O **sector servizos**, igual que aconteceu no resto de España e na UE, experimentou un enorme auxe e representa o groso de emprego en Galicia.

As **comunicacións e transportes**, a pesar da marxinación e tardanza nos programas de construción de infraestruturas, experimentaron unha gran melloría nos últimos tempos, coa incorporación da liña de alta velocidade no ferrocarril, aínda que non exenta de controversias.



No **comercio** prevalece unha balanza comercial negativa, en que as importacións (tecnoloxía, combustibles...) son superiores ás exportacións (produtos téxtiles, relacionados co mar, automobilísticos...).

Respecto ao **turismo**, Galicia ata agora non foi receptora dun turismo de masas, pero o sector aumenta considerablemente debido ao pulo dos seus atractivos culturais, históricos e naturais; do turismo de sol nas Rías Baixas ou das súas temperaturas mornas na Mariña lucense, lugares aos que os nosos visitantes chegan fuxindo doutros lugares máis calorosos.



"1327-Ribeira Sacra (Canón do Sil) (Ourense)" (José Luis Cernadas Iglesias CC BY 2.0)

EXERCICIOS

Exercicio 6

Sinala tres dificultades a que se enfronta o sector pesqueiro en Galicia.

Exercicio 7

Que importancia ten o sector servizos en Galicia?



SOLUCIÓNS

Exercicio 1

É o principal instrumento regulador na agricultura. Amósase esencial para garantir a súa viabilidade económica sen comprometer os recursos a longo prazo, é dicir, pensando nas xeracións vindeiras.

Exercicio 2

Obter toda a enerxía necesaria das fontes renovables.

Exercicio 3

Ao permitir a libre circulación de bens, servizos, capital e persoas.

Exercicio 4

O castiñeiro, o eucalipto, o carballo, a faia ou o piñeiro.

Exercicio 5

Quere dicir que as importacións son superiores ás exportacións. Esta situación é compensada en parte polos ingresos por turismo.

Exercicio 6

O furtivismo, o esgotamento dos caladoiros nacionais, a restrición de acceso aos caladoiros internacionais...

Exercicio 7

Supón a maior parte da ocupación da poboación activa.